

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CHAMAMENTO NO EIDO DA BOLSA DE EMPREGO DE NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A

Logo de ver a contratación de dona Beatriz Vilaverde Santamarina como normalizadora lingüística o 11.08.2017.

Logo de ver o escrito presentada pola mesma en data 04.10.2017 (RE 3846) pola que renuncia ao contrato de traballo formalizado co Concello de Oroso e de ver a súa baixa como traballadora do concello de data 08.10.2017

Tendo en conta que o artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que o galego, como lingua propia de Galicia, o é tamén da súa Administración Local. e as convocatorias de sesión, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais se redactarán en lingua galega, estímase que o servizo de normalización lingüística é un servizo esencial na Administración Local.

Así mesmo a Deputación Provincial da Coruña concedeu ao Concello de Oroso unha subvención por importe de 12.000 euros para a creación do servizo de normalización lingüística 2017, destinada a financiar as retribucións do persoal técnico dos servizos de normalización lingüística (SLN) municipais.

Considerando o anterior e tendo en conta que o Concello de Oroso non ten en plantilla ningún/a normalizador/a lingüístico, xustifícase perfectamente a necesidade de proceder á contratación con carácter temporal dun/ha normalizador/a lingüístico para a execución do “Servizo de normalización lingüística do Concello de Oroso durante o ano 2017”, consistente no asesoramento lingüístico interno, funcións de dinamización lingüística e formación (socio) lingüística, co obxectivo de galeguizar os servizos municipais e acadar a normalización plena da lingua galega, en aras do cumprimento do establecido no artigo 7. da Lei 5/1997/, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

Tendo en conta o certificado de crédito dispoñible da Intervención Municipal do 21.05.2017 e que se trata dun caso establecido na base décimo segunda das bases e convocatoria de selección dun/ha normalizador/a lingüístico/a do Concello de Oroso e creación de bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal de normalizador/a lingüístico/a: “Substitución temporal dos titulares ou no seu caso dos substitutos dalgunha das prazas de técnico de normalización lingüística do Concello de Oroso, segundo o disposto no artigo 15.1 c) do Estatuto dos Traballadores”

Logo de ver a Resolución de Alcaldía núm 990/2017 do 10.10.2017 pola que se aproba a seguinte bolsa de emprego relativa ao posto de normalizador/a lingüístico/a do Concello de Oroso:

APELIDOS E NOME	DNI
VILAVERDE SANTAMARIÑA, BEATRIZ	32836766B
GALIANO LEIS, BEATRIZ	45845885P
RUBIO RENDO, LAURA ISABEL	44815513J
COBAS MEDÍN, DAVID	44823453H

De conformidade co artigo 21.1. h) da lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local e coas bases de selección dun/ha normalizador/a lingüístico/a do Concello de Oroso e creación de bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal de normalizador/a lingüístico/a, RESOLVO:

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concelloroso.com

www.orosos.es | www.concelloroso.com

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.orosos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoste que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.



PRIMEIRO.- Proceder ao chamamento sucesivo os aspirantes que figura na bolsa de emprego por orde de lista para a contratación dun/ha normalizador/a lingüístico/a do concello de Oroso baixo a modalidade de contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado

SEGUNDO.- Publicar este acordo no taboleiro de anuncios do concello e na paxina web do concello

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldía-Presidencia, do que eu, como Secretario, dou fe.

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concelloroso.com

www.oros.es | www.concelloroso.com

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.oros.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoste que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.